

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0280	Organización da produción en confección industrial	2023/2024	4	87	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA JESUS GÁNDARA LORENZO, NOA FRÍAS NORES (Subst.)
Outro profesorado	NOA FRÍAS NORES

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación deste módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de programación da produción, control de calidade, seguridade e protección do medio.

Os procesos produtivos nos que se aplican estas funcións son : corte, cosido e ensamblaxe, pasada de ferro e acabamentos, revisión e repaso, montaxe e terminación de calzado e montaxe e terminación de marroquinaría.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Loxística e aprovisionamento	Nesta UD aprenderás o que é a loxística e cómo se abastecen as empresas de todo o que precisan	16	20
2	A xestión de stocks	Nesta UD aprenderás a xestionar as mercadorías da empresa unha maneira eficiente	16	20
3	O almacenamento	Nesta UD aprenderás a organizar os almacéns da empresa, atendendo á conservación das mercadorías e control de inventario.	16	20
4	Programación e control da produción	Nesta UD aprenderás a programar e controlar a produción da empresa atendendo aos medios dos que se dispón e á demanda.	20	20
5	O mantemento das instalacións produtivas	Nesta UD aprenderás a organizar o mantemento óptimo da maquinaria da empresa	19	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Loxística e aprovisionamento	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o aprovisionamento de materias primas e compoñentes, analiza as necesidades produtivas e identifica os recursos necesarios.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as necesidades de materias primas e compoñentes.
CA1.5 Identifícanse as características dos transportes externos.
CA1.6 Determinouse o plan de aprovisionamento.
CA1.7 Tivéronse en conta tempos de subministración.

4.1.e) Contidos

Contidos
Plan de aprovisionamento: necesidades, materiais compoñentes, inventarios, custo de aprovisionamento, etc.
Loxística: misión, actividades, vantaxes competitivas, redes loxísticas, fluxos de materiais e fluxos de información.
Loxística internacional: icoterms.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A xestión de stocks	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o aprovisionamento de materias primas e compoñentes, analiza as necesidades produtivas e identifica os recursos necesarios.	NO
RA2 - Xestiona a recepción de materias primas, a almacenaxe de compoñentes e a expedición de produtos, e xustifica os medios e os procedementos establecidos para a súa manipulación e para a súa distribución interna e externa.	NO



4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Calculouse a frecuencia do abastecemento en relación aos lotes de produción.
CA1.3 Determináronse a localización e o tamaño das existencias.
CA1.4 Determináronse os medios de transporte internos e a ruta que deberán seguir.
CA2.8 Estableceuse o método para o control do inventario.

4.2.e) Contidos

Contidos
Xestión de provedores e rexistro. Compras: pedido, factura, albará, etc.
Distribución: rutas de aprovisionamento e de reparto; custo do transporte; custos ocultos: cálculo do custo de ruptura.
Control de inventarios: valoración de entradas e saídas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O almacenamento	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona a recepción de materias primas, a almacenaxe de compoñentes e a expedición de produtos, e xustifica os medios e os procedementos establecidos para a súa manipulación e para a súa distribución interna e externa.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os procedementos para a recepción de materias primas, compoñentes e produtos.
CA2.2 Determináronse as condicións de conservación e almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA2.3 Tívoise en conta a normativa.
CA2.4 Identificouse a simboloxía específica para a conservación e a almacenaxe de materias e produtos.
CA2.5 Relacionouse o método de almacenaxe coas características do produto e o espazo dispoñible.
CA2.6 Determinouse o tipo de embalaxe e o sistema de etiquetaxe.
CA2.7 Identifícanse os riscos para a seguridade e a saúde do persoal, así como os ambientais, relacionados coa recepción, a almacenaxe e a expedición de produtos.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Contido da xestión de almacén. Tipoloxía dos almacenes: funcións, actividades e responsabilidades.</p> <p>0Tipos de embalaxes e presentacións. Etiquetaxe e simboloxía de identificación. Obxectivos. Embalaxe óptima.</p> <p>Sistemas de almacenaxe: bloque, andeis, drive-in, dinámica e robotizada.</p> <p>Sistemas informáticos de xestión de loxística e almacenaxe: xestión de orzamentos, pedidos, albarás, facturas, xestión de clientes e provedores, xestión de existencias, emprazamentos, fichas técnicas, unidades por caixa, lotes, cores, talles, inventarios, Equipamentos e instalacións para a conservación.</p> <p>Indicadores de xestión: obxectivos, características e seguimento do plan.</p> <p>Tipos e formas comerciais dos materiais e compoñentes industriais. Características dos produtos.</p> <p>Existencias internas e externas.</p> <p>Xestión de existencias: Variables: nivel de servizo, demanda, custos e prazos. Modelos: revisión continua, revisión periódica e recontos. Métodos de valoración: FIFO e LIFO.</p>

Contidos
Manipulación de mercancías: roletes, aéreos, transpalets, amoreadoras, carretillas e transelevadores. Criterios de selección.
Equipamentos e instalacións para a conservación. Distribucións en planta máis empregadas. Métodos.
Condições de conservación e almacenaxe: variables que interveñen (temperatura, luz, humidade e ventilación).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Programación e control da produción	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora programas de fabricación e xustifica os recursos asignados en relación coa capacidade produtiva.	SI
RA4 - Xestiona documentación de programación da produción, para o que identifica, organiza e procesa a información salientable.	SI
RA5 - Xestiona o control da produción tendo en conta a relación entre a técnica empregada e os métodos para o seguimento da fabricación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a cantidade de pezas que cumpra confeccionar co prazo de execución e a capacidade de produción necesaria.
CA3.2 Determinouse o tamaño óptimo dos lotes de produción.
CA3.3 Identifícaronse os equipamentos, o útiles e as instalacións dispoñibles que respondan ao procedemento establecido.
CA3.4 Identificouse a ruta que deba seguir o material en proceso.
CA3.5 Determinouse a capacidade dos equipamentos dispoñibles.
CA3.6 Analizouse a relación entre a carga e a capacidade total dos recursos utilizados.

Criterios de avaliación
CA3.7 Identifícanse os camiños críticos da produción.
CA3.8 Determináronse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.
CA3.9 Asignáronse os recursos humanos capaces de realizar as operacións establecidas no proceso.
CA4.1 Identifícanse os documentos necesarios para programar e controlar a produción.
CA4.2 Recoñecéronse os programas informáticos de axuda á organización e ao control da produción.
CA4.3 Xeráronse os documentos de traballo: follas de ruta, listaxe de materiais, fichas técnicas, follas de instrucións e control estatístico do proceso, etc.
CA4.4 Organizouse e arquivouse a documentación técnica consultada e/ou xerada.
CA5.1 Identificouse o modelo de control da produción máis acaído para o proceso de fabricación.
CA5.2 Determinouse o método de seguimento da produción que permita mellorar o control desta e o tempo de reacción, en caso necesario.
CA5.3 Caracterizáronse modelos de reprogramación para períodos de especial disposición de recursos ou modificación da demanda.
CA5.4 Descríbironse estratexias de supervisión e control da produción.

4.4.e) Contidos

Contidos
Políticas de produción: produto, produción, produtividade, organigramas, previsión da demanda, etc.
Planificación da produción e programación do traballo: por pedido e por existencias.
Métodos de determinación de capacidades e cargas de traballo: máquina ou posto de traballo, instalación ou sección. Carga de tempada.
Rutas de produción: planificación do circuíto para existencias e sobre pedido.
Lotes de produción.
Prazo do proxecto. Camiño crítico: folgas nulas e prazos das etapas.

Contidos
<p>Sistema JIT (just in time): teoría e obxectivos.</p> <p>Software de xestión da produción XPAC (xestión da produción asistida por computador): nomenclatura, planificación, procesamento de pedidos, cálculo de cargas, seguimento de tempos, materiais, existencias, inventarios, cálculo de fluxos, codificación, comp</p> <p>Métodos de traballo: obxectivos e etapas para seguir.</p> <p>OTécnicas de control da produción: índices e cadernos de control, e desviacións.</p> <p>Autocontrol. Estatística: rexistro de datos, diagramas de dispersión, histogramas, etc.</p> <p>Supervisión de procesos e reprogramación.</p> <p>Métodos de seguimento da produción: PERT (principios e representación), GANTT (características e gráficos), ROY (regras e metodoloxía) e CPM (custo mínimo).</p> <p>Calidade en produción. Procedementos. Calibraxe de equipamentos.</p> <p>Estudo do traballo. Técnicas para idear, rexistrar e examinar os métodos.</p> <p>Diagramas de percorrido e manipulación de materiais.</p> <p>Estudo de movementos: therbligs, normativa e economía de movementos.</p> <p>Movementos no sitio de traballo e utilización do corpo: estudo de micromovementos e diagramas de representación.</p> <p>Cronómetros. Técnicas nos sistemas de cronometraxe: Etapas, actividades e escalas. Cálculo do tempo observado e do tempo normal; suplementos. Cálculos de produción: cantidade de traballo, capacidade de traballo e valoración do ritmo de traballo.</p> <p>Sistemas de tempos predeterminados: Primeiro grao: MTM-1 e MTM-2. Segundo grao: MTM-3. Terceiro grao: táboas específicas de empresa.</p> <p>Programas informáticos para a aplicación de tempos predeterminados: elementos de manipulación, cálculo de tempos, táboas de tempos de máquina, fórmulas de aplicación, análise de traballos, etc.</p> <p>Ergonomía.</p> <p>Documentos para a programación da produción: follas de ruta, listaxe de materiais, fichas de traballo, follas de instrucións, planos de fabricación e control estatístico do proceso, etc.</p> <p>Técnicas de codificación e arquivo de documentación: formatos, definicións, terminoloxías, rexistros, etc.</p> <p>Software de xestión documental da planificación e control da produción: simulacións de ordes de produción, consumos teóricos e reais, control de materiais, cores, talles, planificación de fabricación, cálculo de custos de produción, etc.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O mantemento das Instalacións produtivas	19

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Xestiona os programas de mantemento das instalacións produtivas, e analiza a súa influencia na fiabilidade da produción.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Analizáronse os tipos de mantemento industriais.
CA6.2 Analizouse o mantemento requirido por unha liña de produción tipo.
CA6.3 Deseñáronse fichas de control de mantemento de equipamentos, máquinas e instalacións.
CA6.4 Planificouse o mantemento de todas as máquinas, os equipamentos e as instalacións dunha liña de produción tipo.
CA6.5 Realizouse o mantemento das máquinas da aula/taller segundo unha planificación determinada.
CA6.6 Avaliouse un mantemento preventivo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Manual de mantemento: conservación, manipulación, revisións, normas de seguridade, etc.
Manuais de máquinas: instalación, instrucións, garantías e normativa.
Conservación de equipamentos e máquinas. Tipos de mantemento: correctivo (etapas e accións), preventivo (características e control) e predictivo (vantaxes e inconvenientes). Fases do servizo de mantemento e documentos de control.
Programa e manuais de mantemento: fases da posta en práctica. Fichas técnicas: orde de traballo, folla de equipamento, etc.
Recambios e repostos. Frecuencia e tipos de intervencións: consumo, vida útil, existencias de pezas, prazos de subministracións, etc.
Programas informáticos de xestión e control de mantemento: ordes de reparación, pedidos de mercadoría, asignación de tarefas, facturación, control do inventario, etc.
Historial e arquivo de máquinas e equipamentos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Identificar as necesidades de materias primas e compoñentes.
- Ter en conta tempos de subministración.
- Calcular a frecuencia do abastecemento en relación aos lotes de produción.
- Establecer un método para o control do inventario
- Determinar as condicións de conservación e almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
- Determinar o tamaño óptimo dos lotes de produción.
- Analizar a relación entre a carga e a capacidade total dos recursos utilizados.
- Determinar a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.
- Analizar os tipos de mantemento industriais
- Deseñar fichas de control de mantemento de equipamentos, máquinas e instalacións.

. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

2.1. Exames e probas realizadas. Representarán o 70 % da nota total (7 puntos).

Poderán incluír resolución de problemas, preguntas de desenvolvemento, preguntas curtas, definición de conceptos, esquematización de procesos, tipo test ou de completar cadros onde se demostre o dominio dos respectivos criterios de avaliación. A profesora garda o dereito a decidir a permisividade da consulta de apuntamentos ou bibliografía en exames nos que o que se pretenda avaliar sexa a capacidade do alumnado para resolver situacións prácticas en base aos recursos dos que dispón, non só en base á súa capacidade memorística.

As probas faranse periódicamente e con previo aviso. No caso de existir máis dun examen (proba escrita parcial) por avaliación, a nota final correspondente a exames, será a media aritmética de todas as notas. Para poder facer media, é necesario obter como mínimo un 5 en cada unha das notas individuais, se non é así, a avaliación correspondente aparecerá suspensa. As partes suspensas poderán ser recuperadas na seguinte avaliación, gardándose as partes superadas para o cálculo da nota final.

2.2 Traballo. Representarán o 30 % da nota total (3 puntos).

Esta porcentaxe poderá variar ao longo da avaliación

Ao longo de cada avaliación podéase propoñer traballos para realizar polos alumnos tanto individualmente como en grupo. Algúns realizaranse na clase e outros fóra.

Valorarase a limpeza e orden nos traballos presentados. Os traballos deberán entregarse con puntualidade (nin antes nin despois da data fixada).

No caso de que nunha avaliación só se realice o exame teórico-práctico (non haxa exercicios nin traballos), o 100 % da nota será aportada polos resultados das probas e exames.

2.3 A nota final da avaliación será a suma dos apartados anteriores. As probas parciais ou traballos con nota inferior ao 5, deberán ser recuperados.

A cualificación do módulo será numérica, do 1 o 10, sen decimais. Se a nota resultante ten un número decimal con valor 6 ou máis, a calificación será a nota inmediatamente superior, excepto de 4 a 5.

Para obter unha calificación positiva nunha avaliación será preciso obter como mínimo unha nota de 5.

Para aprobar cada avaliación parcial, e a final de marzo, deben estar entregados tódolos traballos esixidos en cada trimestre, realizados de xeito correcto.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A alumna ou alumno que non superara algunha das probas realizadas por trimestre, terá unha recuperación antes da avaliación de marzo para así poder acceder á FCT. No caso de non acadar o 5 terá que realizar unha proba escrita antes da avaliación final de xuño.

Na proba terá que acadar un mínimo de cinco puntos para considerala superada. Ademáis, terá que repetir aqueles exercicios que estiveran incorrectos e deberá realizar tódolos os traballos que non se presentaran ao seu debido tempo. Aos exercicios superados durante o curso manteráselles a nota.

É condición indispensable para aprobar cada avaliación parcial, a 2ª avaliación parcial de módulos de marzo e, se é o caso, a final de xuño, ter entregados tódolosos traballos esixidos durante cada trimestre, realizados de xeito correcto.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Cando as faltas acumuladas sexan dun 10% da carga horaria total do módulo con faltas non xustificadas, a alumna ou alumno perderá o seu dereito á avaliación continua.

As sesións do módulo son 87 horas, polo que terá:

- Apercibimento da Perda da Avaliación Continua (6%): 5 h.
- Perda do Dereito á Avaliación Continua (10%): 9 h.

A alumna ou alumno poderá seguir asistindo á aula e a tódalas actividades programadas, pero non será calificado nas avaliacións correspondentes. Neste caso, terá dereito a facer unha proba final extraordinaria antes da FCT (marzo) de toda a materia. Na data fixada, realizarase unha proba escrita teórico ou teórico-práctica baseada no 100% dos criterios de avaliación recollidos na programación oficial do curso. Esta proba será diferente das que se lle realicen aos alumnos/as que sexan avaliados ordinariamente e será anunciada coa suficiente antelación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos/as nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación, así como intercambios orais nos que indiquen si se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación, daremos resposta á atención dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estámonos a referir a alumnos/as con necesidades educativas especiais, alumnos/as con altas capacidades intelectuais, así como alumnado estranxeiros incorporados ao noso sistema educativo. No intre da realización da avaliación inicial, revisaranse os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades.

O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor/a titor/a nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, proporase para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado dos contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Ademais, reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de mínimos.
4. Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar o seu rendemento. Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para acadar unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.
5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre coa colaboración do titor/a e do orientador) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación:

- As capacidades terminais e os contidos.

- Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
- Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e/ou complementarios.
- Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
- A metodoloxía.
- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
- Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
- Reforzo positivo, valorar as capacidades do alumno/a, mellorar a súa autoestima.

* A avaliación:

- Modificacións tanto en criterios, instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Orientar as actividades de ensinanza-aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia e, en particular, a de xénero.

- As novas tecnoloxías, TICs, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, todos os contidos que aparecen na programación trataranse con respecto á Natureza e ao Medio Ambiente, e realizaranse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene para o/a alumno/a.
- Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de acadar persoas concienciadas da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia.

* Con carácter xeral aplicaranse as seguintes premisas:

- Reciclar papel e materiais de desfeito que se poidan producir en calquera das aulas do ciclo co fin de acadar ser respectuosos co medio ambiente.



- No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia.

Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres e material de traballo, traballaranse a través de diferentes actividades.

- Incrementar as competencias do alumnado nas linguas estranxeiras.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I. e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación:

- Como nos anos anteriores, levaranse a cabo algunhas visitas a empresas téxtiles. Tanto o calendario como as empresas determinaranse ao longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, sobre todo, unha vez seleccionada a empresa, cando esta indique a data na que nos poderá recibir.
- Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan asumir, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.